



**Deputación
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA
ECONÓMICA A CONCELLOS
SECCIÓN I

ASIGNACIÓN AOS GRUPOS POLÍTICOS PROVINCIAIS

Base 58 de execución do Orzamento Provincial do exercicio 2021

GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS:

1. [Resolución da Presidencia núm. 1428/2021, con data do 18/01/2021, que aproba o primeiro pago da asignación do exercicio 2021.](#)

Primeira xustificación:

1. [Documentación xustificativa de gastos e pagamentos efectuados entre o 08/01/2021 e o 05/04/2021.](#)
2. [Informe da Intervención Provincial.](#)
3. [Resolución da Presidencia núm. 13.635/2021, con data do 08/04/2021, que aproba a primeira xustificación de gastos do exercicio 2021.](#)



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

PRESIDENCIA

Expediente: 2021000000390

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PRIMEIRO PAGO DA ASIGNACIÓN DO EXERCICIO 2021 AO GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS.

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

No Boletín oficial da provincia número 223 do 29 de decembro de 2020 publícase o anuncio da aprobación definitiva do Orzamento xeral provincial para o exercicio 2021 e as bases para a súa execución.

A número 58 das bases de execución regula a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local fixa para o grupo político provincial ALTERNATIVA DOS VECIÑOS un importe trimestral de 7.500,00 € de conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei reguladora das bases de réxime local.

O grupo político provincial Alternativa dos Veciños dispón do número de identificación fiscal, ten aberta unha conta bancaria a nome do grupo e baixo a devandito número de identificación fiscal.

Hai crédito orzamentario suficiente na aplicación 0000/91202/480 para atender a asignación provincial proposta, tal como se acredita no documento contable RC 220210000018.

En virtude dos antecedentes, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Recoñecer unha obriga de pago na aplicación 0000/91202/480 e aprobar o aboamento da asignación correspondente ao primeiro pago do 2021, por un importe de 7.500,00 € a prol do Grupo político provincial ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (NIF: V70467857), e ingresalo na súa conta na entidade financeira ABANCA: IBAN: ES06 2080 0064 9530 4001 6243.

SEGUNDO.- O grupo provincial terá que levar unha contabilidade específica da asignación concedida que porá ao dispor do Pleno nos termos sinalados na base 58ª de execución do orzamento 2021.

TERCEIRO.- Os rexistros contables citados xunto coa acreditación dos movementos da conta bancaria e as fotocopias dos documentos dos gasto haberá que achegalos como xustificación do destino que se lle dou aos fondos librados anticipadamente como “pago a xustificar”, xunto co informe-memoria do responsable da contabilidade do grupo político provincial, tal e como se regula na base 58ª de execución do orzamento provincial.

CUARTO: O pago da asignación ten a natureza de pago a xustificar. Os pagos periódicos esixen a xustificación documental dos fondos recibidos no período anterior. En calquera caso, haberá unha xustificación dentro dos dez primeiros días do mes de decembro do exercicio e procederá, no seu caso, o reintegro dos fondos non aplicados á súa finalidade nesa data.

QUINTO: A dotación económica concedida poderase destinar ás clases de gastos establecidas na base 58ª de execución do orzamento.

SEXTO: Cada xustificación periódica será informada pola Intervención provincial e aprobada mediante resolución do Presidente.


SÉPTIMO: A documentación xustificativa dos pagos a os grupos políticos provinciais a súa tramitación publicárase no portal da transparencia da deputación co contido permitido pola lexislación vixente.

OCTAVO: Comunicar esta Resolución aos servizos administrativos provinciais relacionados coa materia obxecto da mesma.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

DOCUMENTO RETENCIONES PARA DISPONIBLE: RETENCIONES PARA DISPONIBLE DIPU /2021 - 220210000018	IDENTIFICADORES Nº OPERACIÓN: DIPU/2021 - 220210000018	
OTROS DATOS Código para validación: GG3CJ-TFH1X-DYXHA Fecha de emisión: 19 de Febrero de 2021 a las 13:02:41 Página 1 de 1	FIRMAS El documento ha sido firmado por : 1.- Viceinterventor de DEPUTACIÓN DA CORUÑA en nombre de Jefe/a Servicio Fiscalización y Control Financiero Firmado 08/01/2021 13:23 2.- Viceinterventor de DEPUTACIÓN DA CORUÑA Firmado 08/01/2021 13:24	ESTADO FIRMADO



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1279645 GG3CJ-TFH1X-DYXHA F463E00E12A360DB724AEC1346A84717E15CD7B1) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RC

Clave operación100
Signo0

CONTABILIDAD DEL
PRESUPUESTO DE GASTOS

PRESUPUESTO CORRIENTE

RETENCIÓN DE CRÉDITO

Nº. Op.Anterior:
Nº. Expediente:2021000000390
Aplicaciones:1
Oficina
Ejercicio:2021

Presupuesto2021

Orgánica 0000	Programa 91202	Económica: 480	Referencia 22021000473	Importe EUROS 7.500,00	PGCP
Transf. a familias e instit. SFL- Grupos políticos prov.					

Importe
SIETE MIL QUINIENTOS EUROS.

Importe EUROS
7.500,00

Código de Gasto/Proyecto:


Interesado: V70467857 GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
Ordinal Bancario

Texto libre
ASIGNACION BASE 58ª PRIMEIRO PAGO EJERCICIO 2021

CERTIFICO: Que para la(s) aplicación(es) que figura(n) en este documento (o su anexo), existe Saldo de Crédito Disponible, quedando retenido el importe que se reseña.

Nº. Operación: 220210000018

Sentado en Libro Diario de
Contabilidad Presupuestaria con
Fecha 08/01/2021



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1281179 CUJOD-33EET-Q9TYG 9f091f44CA51A85FEF449A23B2E7F9F4E10D60EA) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

ADO

Clave operación
Signo

250
0

CONTABILIDAD DEL
PRESUPUESTO DE GASTOS

PRESUPUESTO CORRIENTE

AUTORIZACIÓN, DISPOSICIÓN Y
RECONOCIMIENTO DE
OBLIGACIÓN.

Nº. Op.Anterior: 220210000018
Nº. Expediente: 2021000000390
Aplicaciones: 1
Oficina
Ejercicio: 2021

Presupuesto 2021

Nº Documento:

Orgánica 0000	Programa 91202	Económica: 480	Referencia 22021000473	Importe EUROS 7.500,00	PGCP 6501
Transf. a familias e instit. SFL- Grupos políticos prov.					
Aplicación no presupuestaria I.V.A.				Importe EUROS	PGCP
Importe Líquido SIETE MIL QUINIENTOS EUROS.				Importe EUROS 7.500,00	
Importe Descuentos: Concepto Dto.: Interesado:					PGCP
Código de Gasto/Proyecto:					
Interesado: V70467857 GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS					
Ordinal Bancario					
Endosatario: Ordinal Bancario					
Área origen del Gasto			Tipo de Pago		
Caja o Banco Pagador Ordinal			Forma de Pago		
Texto libre					
GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS.- ASIGNACION BASE 58ª PRIMEIRO PAGO EJERCICIO 2021					

Nº. Operación: 220210000322

Nº Caja:

Nº. Rel. Cont:

Sentado en Libro Diario de
Contabilidad Presupuestaria con
Fecha 20/01/2021

OTROS DATOS


Código para validación: **XXVJH-G13X1-N6Z6P**
Fecha de emisión: **19 de Febrero de 2021 a las 13:03:12**
Página 1 de 1

FIRMAS

El documento ha sido firmado o aprobado por :
1.- Jefe/a Negociado Contabilidad Fra., Pptaria y Op. No presupuestarias de DEPUTACIÓN DA CORUÑA Aprobado 20/01/2021 09:07
2.- Jefe/a Servicio Contabilidad de DEPUTACIÓN DA CORUÑA Aprobado 20/01/2021 09:27
3.- Interventor General de DEPUTACIÓN DA CORUÑA Firmado 20/01/2021 09:58
4.- Presidente de DEPUTACIÓN DA CORUÑA Firmado 20/01/2021 14:42

ESTADO

FIRMADO



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1281180-XXVJH-G13X1-N6Z6P 042E3828B3077D97F90DFB75755530C21933663) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

P

Clave operación
Signo

500
0

CONTABILIDAD DEL
PRESUPUESTO DE GASTOS

PRESUPUESTO CORRIENTE

ORDENACIÓN DEL PAGO

Nº. Op.Anterior: 220210000322
Nº. Expediente: 2021000000390
Aplicaciones: 1
Oficina
Ejercicio: 2021

Presupuesto 2021

Nº Documento:

Orgánica	Programa	Económica:	Referencia	Importe EUROS	PGCP
0000	91202	480	22021000473	7.500,00	6501
Transf. a familias e instit. SFL- Grupos políticos prov.					
Aplicación no presupuestaria I.V.A.				Importe EUROS	PGCP
Importe Líquido				Importe EUROS	
SIETE MIL QUINIENTOS EUROS.				7.500,00	
Importe Descuentos:					PGCP
Concepto Dto.:					
Interesado:					
Código de Gasto/Proyecto:					
Interesado: V70467857 GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS					
Ordinal Bancario					
Endosatario:					
Ordinal Bancario					
Área origen del Gasto			Tipo de Pago		
				Forma de Pago	
					Nº de cheque
Caja o Banco Pagador					
Ordinal					
Texto libre					
GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS.- ASIGNACION BASE 58ª PRIMEIRO PAGO EJERCICIO 2021					


Nº. Operación: 220210000323

Nº Caja:

Nº. Rel. Cont:

Sentado en Libro Diario de Contabilidad Presupuestaria con Fecha 20/01/2021

DOCUMENTO 600_G_PAGO: PAGOS PRESUPUESTARIOS DIPU/2021 - 220210000538	IDENTIFICADORES	
OTROS DATOS Código para validación: AHI0K-O7D8M-SMT0A Fecha de emisión: 19 de Febrero de 2021 a las 13:03:53 Página 1 de 1	FIRMAS	ESTADO NO REQUIERE FIRMAS



R

Clave operación 600
Signo 0

CONTABILIDADE DO
ORZAMENTO DE GASTOS

ORZAMENTO CORRENTE

REALIZACION DEL PAGO
MATERIAL

Nº. Op.Anterior: 220210000323
Nº. Expediente: 2021000000390
Aplicacións: 1
Oficina
Ejercicio: 2021

Orzamento	2021	Nº Documento:							
Orgánica	Programa	Económica:	Referencia	Importe EUROS	PGCP				
0000	91202	480	22021000473	7.500,00	6501				
Transf. a familias e instit. SFL- Grupos políticos prov.									
Aplicación non Orzamentaria I.V.E.				Importe EUROS	PGCP				
Importe Líquido				Importe EUROS					
SIETE MIL QUINIENTOS EUROS.				7.500,00					
Importe Descontos:					PGCP				
Concepto Dto.:									
Interesado:									
Código de Gasto/Proyecto:									
Interesado: V70467857 GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS									
Ordinal Bancario (Nº: 1) CAGLESMXX ES06 2080 0064 9530 4001 6243									
Endosatario:									
Ordinal Bancario									
Área orixe do Gasto		Tipo de Pago	01	Directo	Forma de Pago	03	Transferencia	Nº de cheque	
Caixa ou Banco Pagador									
Ordinal 212 CAIXABANK (PRESUPUESTOS)									
Texto libre									
GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS.- ASIGNACION BASE 58ª PRIMEIRO PAGO EJERCICIO 2021									

Nº. Operación:	220210000538
Nº Caja:	20210000490
Nº. Rel. Cont:	

Sentado en Libro Diario de
Contabilidade Orzamentaria con
Data 22/01/2021



GRUPOS POLÍTICOS PROVINCIAIS
Base 64 de execución do orzamento

Expediente: 2021000000390

Grupo Político Provincial: (V70467857) GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

Informe memoria de gastos do período: PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2021 (XANEIRO A MARZO)

Don Ángel García Seoane

Na súa condición de voceiro/a deste Grupo Político Provincial formula a seguinte declaración responsable dos gastos e pagos realizados para atender os gastos de funcionamento do grupo político.

CLASE DO GASTO	Datos do acredor		Datos do documento xustificativo					DATA DO PAGO
	NOME	NIF	CONCEPTO	TIPO	DATA	NÚMERO	IMPORTE	
226.02	Voz de Galicia Radio, S.L.U.	B-15054414	Contratación de 4 intervencións de 3 minutos no programa de Radio Voz "Voces de A Coruña" nos días 7, 14, 21 e 28 de decembro.	FACTURA	31-12-2020	P20/002008	450,12 €	08-01-2021
226.02	Voz de Galicia Radio, S.L.U.	B-15054414	Contratación de 4 intervencións de 3 minutos no programa de Radio Voz "Voces de A Coruña" nos días 4, 11, 18 e 25 de xaneiro.	FACTURA	31-01-2021	P21/000098	450,12 €	03-02-2021
226.02	Voz de Galicia Radio, S.L.U.	B-15054414	Contratación de 4 intervencións de 3 minutos no programa de Radio Voz "Voces de A Coruña" nos días 1, 8, 15, e 22 de febreiro.	FACTURA	28-02-2021	P21/000231	450,12 €	04-03-2021
226.02	Galicia Editorial, S.L.	B-15142839	Impresión boletín Nº5 Grupo Provincial Alternativa dos Veciños 24 paxiñas	FACTURA	31-03-2021	F21/000097	3.569,50 €	05-04-2021
226.02	La Voz de Galicia, S.A.	A-15000649	Encarte de 29.700 exemplares no diario La Voz de Galicia do sábado 27 de marzo	FACTURA	31-03-2021	P21/001384	3.993,00 €	05-04-2021

TOTAL: 8.912,86 €

IMPORTANTE:

- As liñas na táboa deberán ir ordenadas por orde cronolóxico da data do pago, primeiro os máis antigos.
- A presente relación de gastos xustifícase coa seguinte documentación:
 - Por cada liña da relación, incorporárase ao expediente un documento individual (factura ou documento equivalente que recolla a imaxe do xustificante), por orde cronolóxico da data do pago, primeiro os máis antigos. O nome ou asunto do documento atenderase ao esquema "Xustificante DATA DO PAGO – NÚMERO", correspondentes as columnas da relación.
 - Relación certificada da totalidade dos movementos da conta bancaria destinada a recoller os cobros/pagos do grupo político no período de referencia.



O Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños, en cumprimento das bases de execución do Orzamento da Deputación de A Coruña para o ano 2021, e máis concretamente da “BASE 58: ASIGNACIÓN AOS GRUPOS POLÍTICOS PROVINCIAIS”, presenta o seguinte documento como xustificante das actividades ás que vai destinada a asignación do Grupo Provincial para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 6 de abril de 2021:

A) FACTURAS RELATIVAS A CONTRATACIÓN DE ESPAZOS PUBLICITARIOS NO PROGRAMA DE RADIOVOZ “VOCES DA CORUÑA”

Nº de Factura	Empresa	Importe €
P20/002008	Voz de Galicia Radios, S.L.U. (NIF: B15054414)	450,12
P21/000098	Voz de Galicia Radios, S.L.U. (NIF: B15054414)	450,12
P21/000231	Voz de Galicia Radios, S.L.U. (NIF: B15054414)	450,12

Estas tres facturas pertencentes a Voz de Galicia Radio S.L.U foron dirixidas a campañas de intervencións radiofónicas de entre tres e cinco minutos cada unha no programa matinal de Radio Voz por parte do voceiro e deputado do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños, Ángel García Seoane. Nestas intervencións, o voceiro trata temas de actualidade relacionados tanto coas actividades da Deputación, como coa labor do Grupo na comarca e coa visión que o Grupo Provincial ten da actualidade. Ademais, o Grupo colga estas intervencións na páxina web de Alternativa dos Veciños. Pódense consultar os audios destas intervencións na web e na plataforma de podcasting Ivoox .

B) FACTURAS RELATIVAS A CONTRATACIÓN DA IMPRESIÓN E DISTRIBUCIÓN DE 29.700 EXEMPLARES DA 5ª PUBLICACIÓN INFORMATIVA DO GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

Nº de Factura	Empresa	Importe €
F21/000097	Galicia Editorial, S.L.	3.569,50
P21/001384	La Voz de Galicia, S.A.	3.993,00

A primeira factura corresponde á impresión de 29.700 exemplares da publicación informativa periódica do grupo provincial, na que se informa sobre a situación dos concellos da comarca, A Coruña, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada en cuestións relacionadas coa Deputación, dimensions 265 x 345 mm, papel prensa branco, 24 páxinas impresión cuatricomía, cosido grapa.



A segunda factura corresponde ao custo do encarte dos 29.700 exemplares desta publicación, no diario La Voz de Galicia do 27 de marzo de 2021, para a súa distribución xunto co xornal.



Nº 5 - marzo / 2021

Alternativa dos Veciños

SINGULARES, DISTINTOS

CULLEREDO

O Concello gasta 600.000 euros en mantementos que non se realizaron



Por exemplo, no campo do Olímpico páganse 26.495 euros anuais polo coidado de 13.800 metros de herba natural. O terreo de xogo é sintético desde 2016 e non existe ningunha zona verde en todo o recinto.

Páxina 18

CAMBRE

A xustiza confirma as ilegalidades do pavillón de Anceis

Páxina 12

SADA

Alternativa solicita o edificio da Terraza para o Concello

Páxina 21

ARTEIXO

Denunciado o abandono da urbanización Monte Golf

Páxina 6

BERGONDO

A rectoral de Guísamo non pode agardar máis tempo

Páxina 8

OLEIROS

A avenida de Santa Cristina renovarase por completo

Páxina 19

CARRAL

Resolta a parcelaria de San Vicente de Vigo

O Goberno municipal conseguiu desbloquear a parcelaria de San Vicente, tras anos paralizada. Está previsto que sexan entregadas as correspondentes escrituras das propiedades ao longo deste mes.

Páxina 14

A CORUÑA

As Xubias e Elviña, totalmente olvidadas polo Concello



Páxina 4

Grupo Provincial Alternativa dos Veciños

www.alternativadosvecinos.org • info@alternativadosvecinos.org



Consulta de movimientos ES06 2080 0064 9530 4001 6243 Importes expresados en EUR

Periodo: desde 01-01-2021 hasta 06-04-2021 Importe: desde - hasta - Concepto: -

Tipo de operación: Todos los tipos

Criterio de búsqueda y ordenación: Fecha contable

VALOR	CONTABLE	TIPO OPERACIÓN	DESCRIPCIÓN	REFERENCIA	IMPORTE	SALDO
08-01-2021	08-01-2021	OPERS BANCARIAS	FACTURA N. P20/002008	-	-450,12	2.918,62
26-01-2021	26-01-2021	TRANSF.OTRA ENT	DEPUTACION DA CORUNA	V70467857	7.500,00	10.418,62
03-02-2021	03-02-2021	OPERS BANCARIAS	FACTURA N. P21/000098	-	-450,12	9.968,50
03-02-2021	03-02-2021	TRANSF.PROP.ENT	DEVOLUCION PRESTAMO A CUENTA ALTERN ATIV	-	-3.500,00	6.468,50
03-03-2021	03-03-2021	TRANSF.PROP.ENT	REINTEGRO SUBVENCION DIPUTACION ANO 2.01	-	-522,14	5.946,36
04-03-2021	04-03-2021	OPERS BANCARIAS	FACTURA N. P21/000231	-	-450,12	5.496,24
05-04-2021	05-04-2021	TRANSF.PROP.ENT	ALTERNATIVA DOS VECINOS „TRASPASO CUENTA DIPUTACION	-	3.500,00	8.996,24
05-04-2021	05-04-2021	TRANSF.PROP.ENT	FACTURA N. F21/000097	-	-3.569,50	5.426,74
05-04-2021	05-04-2021	TRANSF.PROP.ENT	FACTURA N. P21/001384	-	-3.993,00	1.433,74

Le confirmamos que este depósito **está garantizado por el Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito**, y por tanto no está excluido de la mencionada Garantía, salvo si es uno de los depósitos indicados en el art. 4.4 del R.D. 2.606/1996, de 20 de diciembre. En la página web de [ABANCA](#) y en su oficina dispone de un documento de información básica sobre la cobertura de los depósitos.





Voz de Galicia Radio,S.L.U.

Ronda de Outeiro 1-3 Bajo 15006 A Coruña

Tel.: 981 180 180. Fax: 981 180 380

Departamento de Facturación: Avda. de la Prensa, 84-85

Polígono Industrial de Sabón. 15143 Arteixo (A Coruña)

Tel.: 981 180 093/ 180 267 / 180 570 / 180 502

e-mail: facturacion.publicidad@lavo.es

NIF : B15054414

FACTURA DE PUBLICIDAD

Serie/número factura : P20/002008

Fecha de factura : 31/12/2020

Código cliente : 190510

Destinatario:

GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

RU ANTONIO MACEO, 3, LIANS - PAZOS

15179 OLEIROS (A Coruña)

ESPAÑA

NIF : V70467857

Domicilio de correspondencia:

GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

RU ANTONIO MACEO, 3, LIANS - PAZOS

15179 OLEIROS (A Coruña)

ORDEN	CONCEPTO	Cantidad	Precio unitario	Descuento %	Importe (euros)
R-OD184177	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS- MICRO 10:15; DIC-7, 14, 21, 28; Radio Voz; A Coruña; Microespacio 3`; 180 SEG;	4	93,00		372,00

Condiciones de pago :

Fecha de vencimiento 30/1/2021

Forma de pago TRANSFERENCIA

Datos Pago BANCO PASTOR ES13 0238 8101 2706 0003 8146

TOTAL IMPORTE: 372,00

Base imponible: 372,00

Cuota de IVA: 21,00% 78,12

TOTAL FACTURA (EUROS) : 450,12



Transferencias

Su transferencia se ha realizado correctamente. Para cualquier consulta o incidencia referente a esta operación es necesario comunicar a la oficina el número de transferencia

Datos del ordenante

Cuenta origen: ES06 2080 0064 9530 4001 6243

Ordenante: GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS ,

Datos de la transferencia

Importe: 450,12 EUR

Concepto: FACTURA N. P20/002008

Tipo de ejecución: Puntual

Fecha de alta: 08-01-2021

Datos del beneficiario

Nombre: VOZ DE GALICIA RADIO, S.L.U.

Cuenta abono: ES13 0238 8101 2706 0003 8146

Banco destino: BANCO SANTANDER S.A. (FORMERLY BANC

Oficina destino: A CORUÑA, OP

Guardar beneficiario: No

Enviar confirmación al beneficiario: No

Liquidación en EURO (EUR)

Referencia de la operación: 080T100823881053

Importe operación: 450,12

Cambio aplicado: 1,00000000

Total cargo: 450,12

Fecha cargo: 08-01-2021

Fecha valor: 08-01-2021

Comisiones y gastos:

Descripción	Importe
TRANSFERENCIA SEPA (MANUAL)	0,00



Voz de Galicia Radio,S.L.U.

Ronda de Outeiro 1-3 Bajo 15006 A Coruña

Tel.: 981 180 180. Fax: 981 180 380

Departamento de Facturación: Avda. de la Prensa, 84-85

Polígono Industrial de Sabón. 15143 Arteixo (A Coruña)

Tel.: 981 180 093/ 180 267 / 180 570 / 180 502

e-mail: facturacion.publicidad@lavo.es

NIF : B15054414

FACTURA DE PUBLICIDAD

Serie/número factura : P21/000098

Fecha de factura : 31/1/2021

Código cliente : 190510

Destinatario:

GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

RU ANTONIO MACEO, 3, LIANS - PAZOS

15179 OLEIROS (A Coruña)

ESPAÑA

NIF : V70467857

Domicilio de correspondencia:

GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

RU ANTONIO MACEO, 3, LIANS - PAZOS

15179 OLEIROS (A Coruña)

ORDEN	CONCEPTO	Cantidad	Precio unitario	Descuento %	Importe (euros)
R-OD185087	* ALTERNATIVA DOS VECIÑOS- MICRO 10:15; ENE-4, 11, 18, 25; Radio Voz; A Coruña; Microespacio 3`; 180 SEG;	4	93,00		372,00

Condiciones de pago :

Fecha de vencimiento 2/3/2021

Forma de pago TRANSFERENCIA

Datos Pago BANCO PASTOR ES13 0238 8101 2706 0003 8146

TOTAL IMPORTE: 372,00

Base imponible: 372,00

Cuota de IVA: 21,00% 78,12

TOTAL FACTURA (EUROS) : 450,12



Transferencias

Su transferencia se ha realizado correctamente. Para cualquier consulta o incidencia referente a esta operación es necesario comunicar a la oficina el número de transferencia

Datos del ordenante

Cuenta origen: ES06 2080 0064 9530 4001 6243

Ordenante: GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS ,

Datos de la transferencia

Importe: 450,12 EUR

Concepto: FACTURA N. P21/000098

Tipo de ejecución: Puntual

Fecha de alta: 03-02-2021

Datos del beneficiario

Nombre: VOZ DE GALICIA RADIO, S.L.U.

Cuenta abono: ES13 0238 8101 2706 0003 8146

Banco destino: BANCO SANTANDER S.A. (FORMERLY BANC

Oficina destino: A CORUÑA, OP

Guardar beneficiario: No

Enviar confirmación al beneficiario: No

Liquidación en EURO (EUR)

Referencia de la operación: 080T103524774907

Importe operación: 450,12

Cambio aplicado: 1,00000000

Total cargo: 450,12

Fecha cargo: 03-02-2021

Fecha valor: 03-02-2021

Comisiones y gastos:

Descripción	Importe
TRANSFERENCIA SEPA (MANUAL)	0,00



Voz de Galicia Radio,S.L.U.

Ronda de Outeiro 1-3 Bajo 15006 A Coruña

Tel.: 981 180 180. Fax: 981 180 380

Departamento de Facturación: Avda. de la Prensa, 84-85

Polígono Industrial de Sabón. 15143 Arteixo (A Coruña)

Tel.: 981 180 093/ 180 267 / 180 570 / 180 502

e-mail: facturacion.publicidad@lavo.es

NIF : B15054414

FACTURA DE PUBLICIDAD

Serie/número factura : P21/000231

Fecha de factura : 28/2/2021

Código cliente : 190510

Destinatario:

GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

RU ANTONIO MACEO, 3, LIANS - PAZOS

15179 OLEIROS (A Coruña)

ESPAÑA

NIF : V70467857

Domicilio de correspondencia:

GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

RU ANTONIO MACEO, 3, LIANS - PAZOS

15179 OLEIROS (A Coruña)

ORDEN	CONCEPTO	Cantidad	Precio unitario	Descuento %	Importe (euros)
20210126-01	* ALTERNATIVA DOS VECIÑOS- MICRO 10:15; FEB-1, 8, 15, 22; Radio Voz; A Coruña; Microespacio 3`; 180 SEG;	4	93,00		372,00

Condiciones de pago :

Fecha de vencimiento 30/3/2021

Forma de pago TRANSFERENCIA

Datos Pago BANCO PASTOR ES13 0238 8101 2706 0003 8146

TOTAL IMPORTE: 372,00

Base imponible: 372,00

Cuota de IVA: 21,00% 78,12

TOTAL FACTURA (EUROS) : 450,12



Transferencias

Su transferencia se ha realizado correctamente. Para cualquier consulta o incidencia referente a esta operación es necesario comunicar a la oficina el número de transferencia

Datos del ordenante

Cuenta origen: ES06 2080 0064 9530 4001 6243
Ordenante: GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS ,

Datos de la transferencia

Importe: 450,12 EUR
Concepto: FACTURA N. P21/000231
Tipo de ejecución: Puntual
Fecha de alta: 04-03-2021

Datos del beneficiario

Nombre: VOZ DE GALICIA RADIO, S.L.U.
Cuenta abono: ES13 0238 8101 2706 0003 8146
Banco destino: BANCO SANTANDER S.A. (FORMERLY BANC
Oficina destino: A CORUÑA, OP
Guardar beneficiario: No
Enviar confirmación al beneficiario: No

Liquidación en EURO (EUR)

Referencia de la operación: 080T106325806073
Importe operación: 450,12
Cambio aplicado: 1,00000000
Total cargo: 450,12
Fecha cargo: 04-03-2021
Fecha valor: 04-03-2021
Comisiones y gastos:

Descripción	Importe
TRANSFERENCIA SEPA (MANUAL)	0,00



La Voz de Galicia

La Voz de Galicia, S.A.

Ronda de Outeiro 1-3, Bajo 15006. A Coruña
Tel.: 981 180 180. Fax: 981 180 380

Departamento de Facturación: Avda. de la Prensa, 84-85
Polígono Industrial de Sabón. 15143 Arteixo (A Coruña)
Tel.: 981 180 093/ 180 267 / 180 570 / 180 502
e-mail: facturacion.publicidad@lavo.es
NIF : A15000649

FACTURA DE PUBLICIDAD

Serie/número factura : P21/001384

Fecha de factura : 31/3/2021

Código cliente : 190510

Destinatario:

GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
RU ANTONIO MACEO, 3, LIANS - PAZOS
15179 OLEIROS (A Coruña)
ESPAÑA
NIF : V70467857

Domicilio de correspondencia:

GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
RU ANTONIO MACEO, 3, LIANS - PAZOS
15179 OLEIROS (A Coruña)

ORDEN	CONCEPTO	Cantidad	Precio unitario	Descuento %	Importe (euros)
R-129957	GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECINOS (Nº 5 Marzo 2021); MAR-27; La Voz de Galicia; A Coruña; Encarte; 29700 ENC;	1	3.300,00		3.300,00

Condiciones de pago :

Fecha de vencimiento 31/3/2021
Forma de pago TRANSFERENCIA
Datos Pago ABANCA ES28 2080 0000 7730 4000 5088
BANCO PASTOR ES40 0238 8101 2506 0003 7661

TOTAL IMPORTE:	3.300,00
Base imponible:	3.300,00
Cuota de IVA: 21,00%	693,00
TOTAL FACTURA (EUROS) :	3.993,00



Transferencias

Su transferencia se ha realizado correctamente. Para cualquier consulta o incidencia referente a esta operación es necesario comunicar a la oficina el número de transferencia

Datos del ordenante

Cuenta origen: ES06 2080 0064 9530 4001 6243

Ordenante: GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS ,

Datos de la transferencia

Importe: 3.993,00 EUR

Concepto: FACTURA N. P21/001384

Tipo de ejecución: Puntual

Fecha de alta: 05-04-2021

Datos del beneficiario

Nombre: LA VOZ DE GALICIA, S.A.

Cuenta abono: 2080-0000-77-3040005088

Banco destino: ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A.

Oficina destino: A CORUÑA-OFICINA PRINCIPAL

Guardar beneficiario: No

Enviar confirmación al beneficiario: No

Liquidación en EURO (EUR)

Referencia de la operación: TI21A05149110803

Importe operación: 3.993,00

Cambio aplicado: 1,00000000

Total cargo: 3.993,00

Fecha cargo: 05-04-2021

Fecha valor: 05-04-2021

Comisiones y gastos:

Descripción	Importe
TRANSFERENCIAS INTERIORES	0,00



Galicia Editorial, S.L.

Avda de la Prensa, 84 - 85
Polígono Industrial de Sabón
15142 Arteixo (A Coruña)
Telf: 981 180 544
Fax: 981 180 473
C.I.F. B-15.142.839



Factura

1 / 1

GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS
VECÍÑOS
RU ANTONIO MACEO 3,LIANS - PAZOS
15179 OLEIROS-A Coruña

L

J

NUMERO	FECHA	COD.CLIENTE	N.I.F./C.I.F.	PROV/C.VENTA	FORMA PAGO
F21/000097	31.03.2021	455663	V70467857	15/	TRANSFERENCIA

Nº Pedido:

DIR3: 02

CONCEPTO	IMPORTE
24/03- Por la impresión del Boletín Nº5 de Alternativa dos Veciños	2.950,00 EUR

VENCIMIENTOS	TOTAL...	
31.03.2021	IVA	21,00%S/ 2.950,00 EUR

Reposición: importe por transferencia bancaria en nuestra/s cuenta/s

ABANCA:

IBAN ES21 2080 0000 7130 4018 7480

BANCO SANTANDER(ANT.B.PASTOR):

IBAN ES48 0238 8101 2206 0002 7382

TOTAL
3.569,50 EUR



Transferencias

Su transferencia se ha realizado correctamente. Para cualquier consulta o incidencia referente a esta operación es necesario comunicar a la oficina el número de transferencia

Datos del ordenante

Cuenta origen: ES06 2080 0064 9530 4001 6243

Ordenante: GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS ,

Datos de la transferencia

Importe: 3.569,50 EUR

Concepto: FACTURA N. F21/000097

Tipo de ejecución: Puntual

Fecha de alta: 05-04-2021

Datos del beneficiario

Nombre: GALICIA EDITORIAL, S.L.

Cuenta abono: 2080-0000-71-3040187480

Banco destino: ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A.

Oficina destino: A CORUÑA-OFICINA PRINCIPAL

Guardar beneficiario: No

Enviar confirmación al beneficiario: No

Liquidación en EURO (EUR)

Referencia de la operación: TI21A05148950803

Importe operación: 3.569,50

Cambio aplicado: 1,0000000

Total cargo: 3.569,50

Fecha cargo: 05-04-2021

Fecha valor: 05-04-2021

Comisiones y gastos:

Descripción	Importe
TRANSFERENCIAS INTERIORES	0,00



Nº 5 - marzo / 2021

Alternativa dos Veciños

SINGULARES, DISTINTOS

CULLEREDO

O Concello gasta 600.000 euros en mantementos que non se realizaron



Por exemplo, no campo do Olímpico páganse 26.495 euros anuais polo coidado de 13.800 metros de herba natural. O terreo de xogo é sintético desde 2016 e non existe ningunha zona verde en todo o recinto.

Páxina 18

CARRAL

Resolta a parcelaria de San Vicente de Vigo

O Goberno municipal conseguiu desbloquear a parcelaria de San Vicente, tras anos paralizada. Está previsto que sexan entregadas as correspondentes escrituras das propiedades ao longo deste mes.

Páxina 14

A CORUÑA

As Xubias e Elviña, totalmente olvidadas polo Concello



Páxina 4

CAMBRE

A xustiza confirma as ilegalidades do pavillón de Anceis

Páxina 12

SADA

Alternativa solicita o edificio da Terraza para o Concello

Páxina 21

ARTEIXO

Denunciado o abandono da urbanización Monte Golf

Páxina 6

BERGONDO

A rectoral de Guísamo non pode agardar máis tempo

Páxina 8

OLEIROS

A avenida de Santa Cristina renovarase por completo

Páxina 19



Non nos calarán!

■ ■ A presenza de Alternativa dos Veciños nos concellos da comarca como grupo político singular e distinto aos que tradicionalmente se presentaron as eleccións municipais (PP, PSOE, BNG ou outras agrupacións de siglas que se aliaban co obxectivo de ter representación nos concellos) está a poñer nerviosos a algúns alcaldes da comarca e aos seus respectivos partidos.

Xa anunciabamos nos nosos programas electorais que queriamos participar na vida municipal para cambiar xeitos de facer política eliminando caciquismos clientelares e poñendo os concellos ao servizo dos cidadáns e non os cidadáns ao servizo dos que “supostamente” están a gobernalos.

Corenta e dous anos de historia avalan as políticas polas que se guía Alternativa dos Veciños e grazas ás que se conseguiu unha calidade de vida e uns servizos distintos e singulares, pensados para a cidadanía no concello no que naceu o partido e no que hoxe moitas persoas queren vivir. Oleiros. Un lugar onde a cultura, o deporte, a educación, a solidariedade, a protección da natureza, os servizos e o urbanismo nada lle envexan aos países máis avanzados da comunidade europea.

Hoxe Alternativa dos Veciños goberna en Oleiros, en Carral e cogoberna en Sada e Bergondo. Estamos presentes tamén, como oposición construtiva, en Culleredo e Cambre. En Arteixo, aínda

que tivemos que expulsar ao concelleiro obtido por saltarse as normas do grupo, si temos compañeiros e compañeiras que suplen con creces a nosa ausencia nos plenos levando adiante un arduo traballo en permanente contacto coa veciñanza nas distintas localidades deste concello. Na cidade da Coruña non obtivemos os votos suficientes para ter concelleiro, pero Alternativa dos Veciños representa a tres mil cidadáns que nos outorgaron o seu voto. Así mesmo, temos un deputado na Deputación provincial.

Fieis ao noso compromiso cos veciños e veciñas que nos votaron, estamos a desenvolver políticas limpas. Igualmente, onde non formamos parte do Goberno, denunciaremos a incapacidade na xestión e as graves situacións que se veñen dando nas contratacións, nas licencias urbanísticas, na prestación dos servizos públicos...todas estas accións emprendidas fan que o oscurantismo e determinados intereses persoais dalgúns alcaldes queden ao descuberto. Pola súa parte, eles din verse atacados polas reclamacións e denuncias de Alternativa dos Veciños e están a crear un coro de voces co fin de desprestixiarnos. No noso ánimo está facer cumprir as leis e normas da función pública onde, sen lugar a dúbida, ten que prevalecer a ética e a honradez en todos os seus actos.

En Alternativa dos Veciños non baixaremos a garda ante calquera actitude dubidosa e contraria aos intereses veciñais. Aqueles que queiran alimentarse e engordar a conta da maquinaria municipal imos recomendarlle unha dieta para velar pola súa saúde e evitar danos maiores.



**Alternativa
dos Veciños**

A CORUÑA



Terreos do porto: feitos e non palabras ▼

■ ■ Moito se fala do solo que ocupa o porto da Coruña e, como se adoita dicir, o falar non ten cancelas. Desde hai xa varios anos, todo tipo de ilustrados, políticos e “técnicos” abraian á cidadanía cos seus proxectos e ideas sobre o que hai que facer con este solo público, uns terreos gañados ao mar durante décadas mediante recheos. Casualmente todas esas propostas acaban sempre da mesma maneira: pretendendo especular sen que se note moito.

A débeda pola construción do porto exterior da Coruña debe financiarse coas concesións temporais de parcelas para actividade portuaria e coas correspondentes taxas de atraques. Non pode recorrerse á venda especulativa do solo público dos actuais terreos portuarios da cidade, que quedarán liberados da súa actual actividade.

Segundo o artigo 132 da Constitución española, os terreos do porto da Coruña son bens de dominio público. Así o indica tamén o artigo 4 apartado 2º da Lei de Costas 22/88 cando se refire aos terreos gañados ao mar como consecuencias directa ou indirecta de obras ou de secado da ribeira. O Real Decreto 876/2014 aproba o Regulamento xeral de Costas, que no seu artigo 3º tamén especifica que son bens de dominio público marítimo-terrestre estatal en virtude tanto do artigo 132 da Constitución como da Lei de Costas. Igualmente o Real Decreto 2/2011 do texto refundido da **Lei de Portos**, no seu artigo 67, recolle que pertencen ao dominio público estatal as obras que se realicen sobre dito dominio e, no seu **artigo 72.3**,

di que están prohibidas as ocupacións e utilizacións do dominio público portuario que se destinen a edificacións para residencia ou habitación.

Ao amparo das leis do Estado, queda claro que non poden construírse vivendas nos terreos do porto. Por que todas as propostas dos *futurólogos* sobre os usos dos terreos dos portos insisten na especulación? Por que Portos de Galicia, Concello da Coruña, Colexio de Enxeñeiros, Colexio de Arquitectos e Universidade ignoran a lexislación? Déixense de vender o peixe antes de capturalo. **Os portos hai que integralos na cidade para zonas verdes, deportivas, sociais, culturais e de ocio mantendo as actividades pesqueiras e turísticas.**

Derruben o máis axiña posible as edificacións horrorosas que tapan esa fermosa Coruña das galerías de cristal. Eliminen os muros que impiden a coruñeses, coruñesas e visitantes gozar da costa. Limítense a vivir dos bos soldos que cobran e fagan felices aos cidadáns e cidadás que os elixiron.

O futuro pasa polas infraestruturas ▼

Seguimos a reivindicar a ampliación de Alfonso Molina e as obras do tren ao porto exterior. Estas actuacións son imprescindibles para o progreso e o futuro da cidade e de toda a comarca.

A continuidade da industria e do comercio actual e a chegada de novos investimentos empresariais pasan pola existencia de infraestruturas públicas estratéxicas de interese xeral para a comunicación e o transporte. Os intereses partidistas, que ata agora frearon os investimentos públicos que lle corresponden a esta comarca, deben quedar aparcados para poder sumar forzas e obrigar aos Gobernos de Madrid e Santiago a que aposten pola Coruña.





A CORUÑA



Alternativa segue a loitar contra a planta tóxica do peirao de Oza ▼

■ Alternativa dos Veciños demandou novamente que o Concello da Coruña, que ten a última palabra, denegue a licenza a esta empresa mediante un informe de incompatibilidade urbanística, amparado no incumprimento do Plan Xeral. A Xunta de Galicia tamén ten que proceder á eliminación dos depósitos que neste momento están sendo utilizados sen licenza nin autorización.

É alarmante que durante os 4 anos que pasaron desde a solicitude de instalar no peirao de Oza unha planta de tratamento de residuos nun espazo non apto para a mesma, aínda non fora desautorizada nin polo Concello nin pola Xunta. Ademais, dáse a circunstancia que esta mesma empresa xa fora denunciada no 2002 ante os tribunais polo Concello de Oleiros porque os vertidos que recollía nas augas do porto (restos de aceite, combustibles...) eran derramados posteriormente nunha nave situada en Icaria, a través da rede de sumidoiros municipal.

As características desta planta son totalmente incompatibles coa actividade pesqueira que hai no porto de Oza. Xa no seu día, o informe da Consellería de Medio Ambiente recollía o im-



pacto desta planta nunha contorna especialmente sensible. Este peirao non é un polígono industrial e atópase a carón das praias de Oza e Santa Cristina e nas proximidades da ría do Burgo. Despois de décadas de loita por unha ría saneada, xeradora de riqueza a través de actividades de lecer, da pesca e do marisqueo e acadada a licitación do dragado, a cidadanía da comarca non debe sufrir a presenza dunha planta ilegal contaminante.

Este tipo de instalacións crearon graves problemas por todo o territorio español durante os últimos anos. Para eliminar os refugallo e non ter que reciclar estas empresas empregan incendios e explosións.

Núcleos da Coruña esquecidos ▼

Hai zonas da cidade totalmente esquecidas polos distintos Gobernos municipais que dirixiron o Concello ao longo de toda a etapa democrática.

Elviña conta cuns servizos públicos obsoletos, carece de beirarrúas, son escasos os equipamentos públicos e a ordenación urbanística é nefasta. As únicas actuacións neste núcleo histórico foron especulativas para facer urbanizacións, ade-

mais da Universidade, que presenta unha contorna fortemente deteriorada.

As Xubias tamén quedou perdida no tempo ante a imposibilidade de realizar operacións urbanísticas debido á costa e ás vías do ferrocarril. Este barrio merece ser conservado e recuperado para converterse nunha fermosa zona marítima, como fachada de entrada á cidade.



■ As Xubias



■ Elviña

A Deputación achega 1,2 millóns para o PRESCO ▼

O Concello da Coruña asinou un convenio coa Deputación para financiar o proxecto PRESCO, Plan de Reactivación Económica e Social da Coruña. Este é un programa para apoiar e manter a actividade económica da cidade mediante axudas a autónomos e microempresas, para mitigar os efectos negativos da pandemia, principalmente aos sectores da hostalaría e comercio, que son dous dos máis golpeados nesta crise. Este plan ascende en total a **6,1 millóns de euros**.



ARTEIXO

Alternativa contrata un estudo para medir as radiacións en Sol y Mar ▼

■ Alternativa de Arteixo ten encargado un estudo para medir as radiacións emitidas polos cables das torres de alta tensión que atravesan as vivendas da urbanización Sol y Mar e un colexio público. Cos datos do informe, volverá requirírselle á Consellería de Industria e á empresa eléctrica o soterramento das liñas nesta zona.

Os fondos europeos entregados a España, que xestiona en parte directamente a Xunta de Galicia, poden e deben ser empregados para abordar este soterramento, pendente desde hai décadas. Este debería ser un investimento prioritario para eliminar este grave problema, que afecta a máis de 1.200 veciños desta zona de Oseiro, expostos a campos electromagnéticos e radiacións.



Demandado o soterramento da nova liña eléctrica entre Monteagudo e Morás ▼

Alternativa dos Veciños apoia todo tipo de accións que se leven a cabo contra a liña de alta tensión que se pretende impoñer entre Monteagudo e Morás. É necesario garantir o subministro eléctrico á industria e aos polígonos pero non se pode atravesar centos de fincas urbanas do municipio e degradar as contornas dos pobos cando é posible soterrar, máis se cabe cando a empresa privada propietaria da liña vai obter importantes beneficios con esta actuación ao longo dos anos.

Posibles cobros fraudulentos dos recibos da auga

A empresa que xestiona o servizo da auga no Concello de Arteixo podería estar a cometer un suposto fraude no cobro dos recibos. Debido á non realización da lectura dos contadores, que debería ser trimestral, están facendo estimacións do consumo para emitir os correspondentes recibos que superan en moito os mínimos –chegando, nalgúns casos, a duplicar o consumo real-. Isto supón tamén que se vexan incrementados os custos das taxas de mantemento do alcantarillado, do canon da auga da Xunta e o da depuración da EDAR de Bens.

Todos aqueles veciños e veciñas que teñan que recuperar os cartos pagados de máis deben presentar unha reclamación ao Concello. Aque-las persoas que queiran asesorarse sobre este asunto poden dirixirse á oficina que ten Alternativa dos Veciños en Arteixo (rúa Balneario 3) ou enviar un correo a arteixo@alternativadosvecinos.org.





ARTEIXO



O Concello ten parados 3 millóns da Deputación para obras no municipio ▼

■ ■ Arteixo dispón de tres millóns de euros para obras que financia a Deputación Provincial que aínda están sen contratar pola mala xestión do Goberno municipal. Trátanse de diversas actuacións sen realizar que contan con fondos provinciais desde o ano 2018.

Algunhas das obras sen contratar que contan co financiamento da Deputación son a glorieta e urbanización da Avenida Arsenio Iglesias, a ampliación do paseo fluvial de Sabón, a renovación da rede de saneamento de Foxo-Loureda, a impulsión de auga ao depósito da Pastoriza, a senda peonil entre O Quinto Pino e Maceda e a de Laxobre ou a mellora do pavimento en camiños das parroquias de Barrañán e Armentón.

Abandono total na urbanización Monte Golf ▼

■ ■ Alternativa dos Veciños de Arteixo denunciou ante o Concello a situación que están a vivir a veciñanza da urbanización Monte Golf, en Morás. Esta urbanización quedou inacabada, provocando un contorno cheo de maleza, pozos de sumidoiros sen tapas cun alto risco de accidente, luminarias rotas e sen alumear, carencia total de valado entre a zona construída e a non realizada e unha zona de equipamento social abandonada e semirruínosa.

Son varios os veciños e veciñas desta zona que se queixan deste lamentable estado de abandono por parte do Concello de Arteixo. Debe demandarse á promotora que remate as obras de urbanización.



Urxe a retirada do lixo, a roza da maleza e a limpeza.

Grave atentando patrimonial contra a Ponte dos Brozos ►

A represa da Ponte dos Brozos, catalogada por Patrimonio por tratarse dunha ponte romana, foi destruída recentemente. Ante tal ataque a un dos monumentos máis senelleiros de Arteixo, Alternativa solicitou información á Xunta de Galicia por este grave atentado contra un ben público de tanto valor histórico e arquitectónico. Onde estaba Patrimonio?



ARTEIXO



Solicitada a apertura do camiño público pechado en Barrañán

Alternativa de Arteixo solicitou ao Goberno municipal que recolla e incorpore ao inventario de bens municipais o tramo do Camiño da Costa que dá acceso á praia de Barrañán, xa que un particular pretende apropiarse del. O tramo segue pechado ao público por un particular que impide á cidadanía transitar por un camiño que sempre foi de uso público.

Demándase acceso a internet por banda ancha para os núcleos rurais



Os representantes de Alternativa dos Veciños en Arteixo están a reclamar tanto á Xunta de Galicia como á Administración Xeral do Estado avances no despregamento da fibra por todo o municipio. Aínda que xa hai diversos núcleos que dispoñen do servizo ou que o terán ao longo do presente ano, a maioría dos núcleos rurais do municipio deben ser dotados de fibra óptica.

■ Susana Santamaría, Juan F. Martínez e Noelia Martínez, responsables de Alternativa dos Veciños no Concello de Arteixo

A Deputación cofinancia novas obras ▼

- Renovación do asfalto da estrada Pontemuíños-Caión: **256.931,16 euros**

Servizo de información para asuntos relacionados coa Deputación

981 080 610 info@alternativadosvecinos.org



**Alternativa
dos Veciños**

BERGONDO



Reitoral de Guísamo, as cousas como son ▼



■ Juan Fariña, voceiro de Alternativa dos Veciños en Bergondo

Estimada Alejandra, o da reitoral de Guísamo é outra desas cousas que incomprensiblemente estamos mantendo de xeito indefinido no caixón dos temas pendentes. E digo “estamos” cando o que en realidade debería dicir é “estás”. Pero for-

mamos parte dun mesmo goberno e a responsabilidade non é algo que se poida repartir a conveniencia. Nun recente pleno sufriches o que eu cualificaría como importante lapsus temporal. Dixeches algo así como que a pandemia viñera a interromper as conversas co Arcebispado de Santiago para tentar chegar a un acordo de cesión temporal da vella reitoral. Imaxino, e quero pensar, que despois daquel pleno, xa na casa, máis relaxada, lembrarías que en realidade as conversas quedaran cortadas un ano antes da pandemia, exactamente uns meses antes das eleccións municipais do 2019. Eu estaba presente naquela reunión coa Igrexa en Santiago, lembrás? Eles propuxeron un texto de convenio e nós, aínda a día de hoxe, non lles contestamos nada. Non irá sendo hora de facelo? Non será hora de dicirlles que 30 anos parécennos claramente insuficientes e que ou se aveñen a pactar bastantes máis anos de cesión ou terán que afrontar (por certo, con urxencia) a conservación dunha construción que se nos vén abaixo e que comeza a ser unha ameaza máis que real para a seguridade das persoas? Poñémonos de verdade a traballar nisto, ou seguimos usando a pandemia como escusa?

Renovación do alumeado público ▼

Rematadas as obras de reforma e reforzo (con colocación de novos puntos de luz) en Obra de Paño e Raxás. No caso de Obra de Paño incluíuse nos traballos a retirada do poste de formigón que afeaba un dos cruceiros máis coñecidos, mellorando ademais substancialmente a iluminación dese complicado cruce de estradas no que se asenta.

Outra obra clave, e xa adxudicada, é a substitución de 1.200 puntos de luz existentes e a reforma de múltiples cadros eléctricos. Cando esta instalación remate, o 100% de Bergondo terá alumeado público LED. O investimento alcanza **1.300.000 euros** dos que o IDAE financia o 80% e o Concello o 20%.



BERGONDO



Mellora de seguridade viaria na estrada Cambre-Pedras Brancas ►

Alternativa de Bergondo pretende impulsar a obra que permita habilitar unha senda peonil segura a carón da estrada autonómica AC-214, unindo Baldomir con Pedras Brancas. Aproveitando esa actuación pretende dotarse da rede de saneamento a ese núcleo de poboación, carente dese servizo na actualidade. O proxecto atópase en fase de redacción.

■ Eloy Babío, concelleiro de Alternativa dos Veciños en Bergondo



O parque de Lubre será remodelado por completo ◀

O Concello de Bergondo acometerá o proxecto de reforma integral da zona de equipamentos públicos da parroquia de Lubre, transformando a zona e dándolle a fisionomía dun conxunto harmónico de praza e parque públicos. Un espazo de calidade para a veciñanza de Lubre. O investimento previsto nas obras é de **305.751,33 euros**. Esta era unha das propostas anunciadas e prometidas por Alternativa dos Veciños.

Continúa o reacondicionamento de camiños municipais ◀



A tarefa iniciada polos concelleiros de Alternativa dos Veciños debería conducir a ter unha rede municipal de camiños en perfectas condicións nuns anos. Neste momento están pendentes de execución diferentes proxectos nesta materia. Ditos proxectos contemplan o asfaltado de case **39,4 km** de vías municipais, cun investimento de **1.904.309,88 euros**.

Tamén comezou recentemente a construción de beirarrúas en Vixoi. A obra inclúe a rede de saneamento.



BERGONDO



Segue en marcha a ampliación da rede de saneamento ▼



Agora mesmo está en obras unha prolongación da rede de saneamento no núcleo de Cortes. Para a prolongación da rede en Fiobre, na zona da panadería, xa está aprobado o proxecto e tan só quedaría por resolver unha pequena expropiación. O proxecto para a obra de saneamento para os núcleos de San Vitorio e Callou, na parroquia de Vixoi, atópase en fase de redacción.

Avanzando, sen pausa. Aínda queda moito por facer neste ámbito.

Belén Bestilleiro, exemplo de compromiso por Bergondo ►

Forte e inesperado impacto o recibido co falecemento de Belén Bestilleiro. Fondo pesar o que impera no grupo da Alternativa dos Veciños de Bergondo polo pasamento da querida e prezada compañeira. Deixounos a piques de cumprir os 47. Un súbito mal, deses que non deixaron de existir (a pesar de que nestes tempos todo parece covid-19), arrebatounola. A nós, compañeiros que a estimabamos moitísimo; á súa familia e amigos, orfos dela, e aos seus veciños e veciñas, principalmente da parroquia de Lubre, onde era moi coñecida e apreciada. Este último aspecto era probablemente o que máis destacaba en Belén e lle daba un plus para dedicarse á política municipal. Porque Belén era e estaba próxima aos problemas dos veciños e veciñas. E ademais, e por riba de todo, era unha gran persoa. Que a terra che sexa leve!



Investimentos de 659.432 euros da Deputación en Bergondo ▼

- Mellora camiños nas parroquias de Ouces, Lubre, Bergondo, Rois, Guísamo, Moruxo e Babío: **316.898,94 euros.**
- Novas sendas ciclistas: **128.126 euros.**
- Redacción do proxecto para a eliminación do tapón de San Paio, na estrada Guísamo - Guiliade: **22.990 euros.**





CAMBRE



Sen Plan Xeral á vista ▼

■ ■ O Goberno municipal de Cambre non fai máis que enganar á veciñanza de Cambre co Plan Xeral. Despois de anos repetindo a mesma promesa non se asoma vontade real algunha de aprobación dun documento que garanta un crecemento urbanístico ordenado e responsable. En cambio, o Goberno municipal si que está a realizar modificacións puntuais ilegais para beneficio de promotores urbanísticos, conscientes de que na presente lexislatura non vai haber Plan Xeral en Cambre.



Onde quedaron as promesas que se facían nas asembleas que se celebraron antes das eleccións municipais nas distintas localidades do municipio? Enganouse aos veciños e veciñas para conseguir votos. Non existe desculpa nin argumentos que xustifiquen que o Goberno de Cambre continúe sen levar ao pleno a aprobación inicial do Plan Xeral. Tan só escuros intereses persoais e partidistas poden estar detrás desta situación, para volver así enganar aos veciños nunha próxima convocatoria electoral.

■ Raúl Varela e Sandra Sánchez, concelleiros de Alternativa dos Veciños no Concello de Cambre

Vertedoiros no Temple e Os Campóns ▼

Alternativa de Cambre denunciou recentemente dous vertedoiros impresentables en dúas zonas urbanas, na rúa dos Muíños e nunha parcela municipal xunto ao Instituto David Buján. Como se vai impedir este tipo de atentados ecolóxicos se o primeiro infractor é o Concello nunha parcela pública?





CAMBRE



Preocupante abandono do paseo do río Mero ►

Malia o convenio asinado entre o Concello e Augas de Galicia para o mantemento do paseo fluvial, segue a existir unha situación de abandono das beiras do río Mero. O abandono é total por parte das administracións públicas, o que impide poder acceder ao río na maioría dos tramos do paseo. Alternativa de Cambre solicitou tanto ao Concello como a Augas de Galicia que subsanen esta situación de inmediato.



Os tribunais volven a confirmar a legalidade do trazado da vía Ártabra ▼

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia emitiu unha sentenza na que se falla unha vez máis contra a pretensión do Goberno de Cambre de paralizar a obra da vía Ártabra. Esta importante vía de comunicación para o conxunto dos cidadáns da comarca, e da que se verá especialmente beneficiada a veciñanza de Cambre, non supón ningún impacto ambiental contra o territorio. A zona húmida da Gándara á que se refiren algunhas persoas, está totalmente degradada e abandonada, sen valor ecolóxico suficiente como para paralizar unha obra tan necesaria para o interese xeral da cidadanía.

A xustiza constata a ilegalidade cometida polo concelleiro de urbanismo no pavillón de Anceis ▼

O auto xudicial en relación á denuncia presentada ante a fiscalía pola construción ilegal do pavillón de Anceis ditamina que o concelleiro de urbanismo de Cambre cometeu unha ilegalidade por permitir a construción dun pavillón polideportivo cuberto en solo rústico sen axustarse ao proxecto. Incomprensiblemente, a causa foi arquivada.

Para tapar esta actuación ilegal, entre outras irregularidades, O Goberno municipal chegou a eliminar nos planos oficiais a existencia do polideportivo cando xa estaba construído.

Lamentable estado do Lavadoiro de Rocón ▼

O pasado mes de xaneiro Alternativa dos Veciños demandou ao Concello de Cambre a limpeza deste lavadoiro, situado a escasos metros do centro do municipio. Pasados máis de dous meses a situación segue a ser a mesma.





A contratación as beirarrúas na Patiña ▼

■ ■ A petición de Alternativa dos Veciños, a Deputación da Coruña sacou a contratación por 93.532 euros as obras de creación de beirarrúas e beiravías a ambas marxes da estrada na zona da Patiña, nun tramo de máis de 200 metros.



Para poder realizar esta actuación a Deputación expropia os terreos necesarios e demolerá unha casa en ruínas, que incomprendiblemente o Concello mantén sen o expediente de ruína correspondente, incrementando así o gasto desta obra para as arcas públicas.

Que pasa cos arquitectos municipais de Cambre e Culleredo? ▼

Os concellos de Cambre e Culleredo están a sacarlle atribucións e competencias aos arquitectos municipais que forman parte do cadro de persoal. Os Gobernos municipais destes dous municipios están a contratar persoal de maneira temporal para que conseguir informes adaptados aos seus intereses especulativos, persoais e políticos. Os arquitectos titulares emitían informes negativos sobre actuacións urbanísticas de dubidosa legalidade e sobre a vulneración das leis que presentan os documentos dos Plans Xerais.

Ambos arquitectos recorreron aos tribunais para denunciar esta situación. No caso de Cambre, o arquitecto foi expulsado das dependencias de urbanismo da Casa Consistorial, sendo situado nun pequeno garito das antigas dependencias de xuventude (OMIX).

Alternativa demanda a limpeza da Fonte da Pena



Esta fonte da parroquia de Cela precisa dunha urxente limpeza. A falta de previsión e a deixadez do Goberno municipal provoca o deterioro do patrimonio municipal.



**Alternativa
dos Veciños**

CARRAL

O alcalde logra resolver a parcelaria de San Vicente ►

■ ■ Despois de anos e anos de espera, o actual Goberno municipal conseguiu desbloquear a parcelaria de San Vicente de Vigo que impedía dispoñer dos terreos aos seus correspondentes propietarios.

Está previsto que ao longo deste mes os veciños e veciñas de San Vicente de Vigo reciban as súas escrituras. Para requirir información sobre algunha parcela pode solicitarse a través dunha nota simple acudindo de forma presencial ao Rexistro da Propiedade ou a través da páxina web deste organismo.



■ Javier Gestal, alcalde de Carral

O Goberno municipal inviste 400.000 euros en novas obras e servizos ▼

Mediante o uso dos fondos económicos que lle corresponden ao Concello de Carral procedentes do Plan Único da Deputación da Coruña, van acometerse distintas actuacións de interese xeral no municipio:

- Mellora do alumeadado público na estrada Soavila-Cañás: 33.466,70 euros
- Ampliación do Centro Deportivo municipal: 189.950,01 euros
- Reforma interior do polideportivo do CEIP Vicente Otero Valcárcel: 137.991,95 euros



■ Susana Guimarey, Francisco Bello e Mercedes Caridad, concelleiros de Alternativa dos Veciños en Carral.

Ademais desas actuacións, no caso de dispoñer de máis fondos provinciais, o Concello emprendería as seguintes obras (303.000 euros): renovación do pavimento da estrada de Tabeaio, reforzo do firme da estrada Soavila-Cañás, rehabilitación da pista polideportiva de Tabeaio, mellora de camiños en Belvís e Paleo e humanización da rúa Río Canles.

Máis de 700.000 euros para novas sendas ciclistas ▼

A Deputación asinará un convenio co Concello de Carral para crear novas sendas ciclistas no municipio. En total investiranse 717.506 euros en diversos tramos. A Deputación aporta o 20% e a Unión Europea o 80%.



CARRAL



Máis recursos para a atención de persoas maiores e emerxencias sociais

O Goberno municipal reforzará o Servizo de Axuda no Fogar e a atención dos casos de emerxencia social coa contratación de máis persoal para o departamento de Servizos Sociais. Incrementaranse os recursos destinados para estas actuacións en 112.406 euros a través dun plan da Deputación da Coruña.



A Fiscalía terá que depurar responsabilidades ante as obras pagadas e non realizadas polo ex alcalde ▼

■ ■ As graves irregularidades existentes no pagamento da obra de beirarrúas de acceso ao IES de Carral terán que ser analizadas novamente pola Fiscalía, para depurar as responsabilidades do ex-alcalde Fernández Mouriño por ter pagado o 100% da obra, cando só foi executada nun 50%. O Goberno municipal presentou un novo recurso ante a Fiscalía que deberá dar unha resposta convincente ante estes feitos.

Alternativa dos Veciños seguirá a denunciar todas aquelas actuacións irregulares de mandatos anteriores que atentasen contra o correcto uso dos fondos públicos.



Demandado o comedor para os venres no Vicente Otero ◀ Valcárcel

■ ■ O Goberno municipal está a apoiar á ANPA Ana Lastra na súa solicitude do servizo de comedor para os venres.

O Concello xa se dirixiu por escrito á Consellería de Educación para trasladar esta reclamación imprescindible para facilitar e mellorar a conciliación familiar.



Alternativa dos Veciños non se despega do pobo de Carral. Para escoitar as necesidades e demandas de todos os veciños e veciñas ten a disposición o correo electrónico carral@alternativadosvecinos.org

■ Rubén Caamaño, concelleiro de Alternativa dos Veciños en Carral



**Alternativa
dos Veciños**

CULLEREDO



Culleredo está sen contrato de limpeza viaria desde o 2012 ▼

■ Desde o 31 de xaneiro de 2012 o Concello de Culleredo carece de contrato para o servizo de limpeza viaria. O 31 de xaneiro do 2002, o Concello contratou o servizo de limpeza viaria do municipio por 318.173,90 euros, o que supoñía un gasto mensual de 26.514, 49 euros. O contrato tiña unha vixencia de 10 anos sen posibilidade de prórrogas.



A lei de contratos obriga a sacar a concurso público os servizos que superen os 15.000 euros ▼

Actualmente estase a pagar un importe fixo anual de 461.338,92 euros: 38.444,91 euros mensuais aos que se engaden outras facturas como extraordinarias, por importes que oscilan entre os 3.107 euros e os 4.184, 22 euros en marzo e abril, máis outras similares cada mes. **O gasto fixo mensual é superior aos 42.000 euros, superando os 15.000 euros que permite a Lei de contratos, segundo o artigo 118.1 LCSP Lei 9/2017 de 8 de novembro.**

Pagos duplicados en distintas facturas polos mesmos servizo ▼

Nas facturas mensuais extraordinarias aparecen relacionados distintos espazos públicos que xa están recollidos nas facturacións mensuais de 38.444,91 euros utilizando termos como *decapado* ou *desherbado*, tamén recollidos no prego de condicións usado no seu día para a contratación extinguida no 2012.

Con motivo da COVID estase a pagar mensualmente un servizo de limpeza e desinfección viaria. Os días 28, 29 e 30 de abril custou 1.238,89 euros, 13.147 euros no mes de maio e 13.915,08 euros no mes de xuño, o que suma un total de 28.300,97 euros. Nestas facturas faise constar que a suposta desinfección con baldeo realízase cun camión cisterna e un operario en quendas de 14 horas diarias de luns a venres e os sábados durante 7 horas. **O prezo por hora é de 62,57 euros.**

Dáse a circunstancia de que nos pregos de condicións do contrato caducado no 2012, no que supostamente se

ampan, tamén está recollido nos apartados 1, 2 e 4, especialmente neste último, o *lavado con auga a presión de calzadas e beirarrúas cando sexa preciso e o requira o Concello*. Isto ven a supoñer unha duplicidade de baldeos e que se referencia no apartado *tipo de servizos: extraordinario, causas imprevisibles ou anormais*.

Alternativa dos Veciños considera que estas actuacións poderían ser ilegais, cualificadas como un suposto delito de prevaricación. Alternativa xa denunciou no 2018 ante a Fiscalía provincial estes feitos dando base ás dilixencias de investigación penal nº 30/19, aínda que sen presentar a información detallada que se adxunta agora. O Goberno municipal, en lugar de rectificar, incrementou e duplicou o importe das facturas por servizos que son necesidades periódicas e previsibles e que son de obrigatorio concurso público de licitación aberta.

Alternativa dos Veciños presentou escritos e unha moción pedindo aclaracións e respostas ante a gravidade desta situación. Debido á falta de contestación e a que a secretaria municipal non aceptou a moción sobre este asunto, denunciaranse todos estes feitos ante a xustiza.

■ Alicia Ferreiro, Eduardo Mourelle e Sandra Marzoa, concelleiros de Alternativa dos Veciños en Culleredo





CULLEREDO

O Concello paga o mantemento de máis metros de zonas verdes dos que existen

O dispendio de fondos municipais é de 622.488

O 3 de febreiro de 2004 o Goberno municipal sacou a contratación o servizo de mantemento de zonas verdes cunha duración de 10 anos e posibilidade de prórroga por 5 anos máis. O contrato licitouse en tres lotes separados: zona 1 (O Burgo, 127.051 m²), zona 2 (Rutis 109.550 m²) e zona 3 (resto do municipio e colexios, 48.118 m²). O prego de condicións detallaba o custo do servizo en 822.628,90 euros anuais e tamén as obrigas do concesionario, acompañando as zonas detallando os m².



■ Novas medicións 8 anos despois

O 28 de maio de 2012, 8 anos e 4 meses despois, por acordo da Xunta de Goberno modifícase o contrato do 2004 para adecuar os metros cadrados dos parques adxudicados ás novas medicións realizadas polos técnicos municipais. Elimínanse 14.294 m² a 25 parques e zonas axardinadas sen excluír espazo algún nos contratados no 2004 e asígnanse a 12 espazos dos incluídos no contrato unha ampliación que supón 9.042 m² no seu conxunto.



Este modificado do 2012 reflicte que a empresa non estaba a conservar e manter os 175.169 m² que estaban detallados nos pregos de condicións dos contratos pero si cobraba por eles. É dicir, durante 8 anos e 4 meses pagáronse 42. 577,35 euros anuais de máis, o que fai un total de 354.811,25 euros ao longo dese tempo.

As novas medicións do 28 de maio de 2012 supostamente reasignan 9.042 m² dos 14.294 m² que tamén supostamente se computaban de máis, resultando a raíz desta modificación 5.391 m² que non pertencen a ningún parque e polos que, a día de hoxe, se está a pagar á empresa sen que realice o traballo. É dicir, se multiplicamos 5.391 m² por 2,95 / m² resulta un total de 15.903,45 euros anuais, o que supón para o Concello un desembolso de 135.179,33 euros sen xustificación.

■ Máis modificacións do contrato

O 11 de novembro de 2013 realízase unha segunda modificación do contrato. A situación agrávase ao incluír novas zonas no obxecto do contrato, sumando espazos por un total de 6.009 m², incrementando e modificando as cláusulas do segundo contrato. O expediente fora informado negativamente pola secretaria o 7 de xuño de 2013.



■ Outra ampliación do contrato

O 15 de xaneiro de 2015 licítase un novo contrato denominado zona 4 no que se inclúen novas zonas a manter nas parroquias do Burgo e Rutis (Parque Xardín do Burgo: 57.775,4 m², Paseo Marítimo 3ª fase: 9.311,9 m², Xardín Botánico: 37.365,47 m², Campo de fútbol Olímpico e anexos: 13.800 m²). Este novo contrato asinado ten un orzamento de 227.331,55 euros e unha duración de catro anos con posibilidade de dúas prorrogas. Isto supón 1,92 euros/m² polo mantemento dos citados espazos, é dicir, 1,3 euros menos por metro cadrado que os contratos anteriores. Isto é inexplicable a non ser que existira interese en adxudicalo a unha empresa determinada.



CULLEREDO

■ Campo de fútbol de Rutis



No anexo 1 deste contrato denominado zona 4 especificase o mantemento e as condicións do campo de fútbol municipal, tanto o terreo de xogo de herba natural como outros espazos verdes, que suman unha área de 13.800 m².

No 2015 o Concello instala céspede artificial no terreo de xogo -mantemento moi inferior á herba natural-, cubre o resto dos espazos con vestiarios e gradas e asfalta e bota formigón a maior parte dos terreos que rodean o campo, de tal xeito que deixan de existir espazos verdes a manter. Desde o 2015 o Concello segue pagando á empresa 26.495

euros ao ano, o que supón 132.480 euros desde o 2016 sen que haxa mantemento deses 13.800 m² do recinto futbolístico. O único espazo que podería ter céspede é hoxe un lameiro.

MANTEMENTOS PAGADOS NO CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA SINTÉTICA ▼

- Segade herba
- Aportacións de abono
- Tratamentos fitosanitarios
- Rega e fertilizacións
- Reposición de céspede nas áreas e zonas de máis uso
- Aireación da herba, recebo, fertilización e resembrado
- Restauración de céspede semanal por 2 operarios a xornada completa

■ Pagado de máis

Ademais do listado de “contratos e modificacións”, desde os anos 2004, 2012, 2013, 2015, cada mes o Concello paga facturas “fóra de contratos” por importe de 5.008,07 euros por supostas novas áreas.

Segundo os cálculos de Alternativa dos Veciños, **o Concello de Culleredo leva pagado, sen que se faga o traballo, desde o 2004 un total de 622.488 euros** aos que teríamos que sumarlle esas facturas “fora de contrato” por 60.096 euros cada ano.

A oficina de Alternativa na Casa do Concello segue aberta para toda a veciñanza



Alternativa dos Veciños está a disposición de todos os veciños e veciñas de Culleredo na Casa Consistorial, en horario de 11 a 13 horas. Tamén é posible contactar chamando ao teléfono 981677960 ou mediante o correo electrónico culleredo@alternativadosvecinos.org.



OLEIROS



Renovación completa da avenida de Santa Cristina ▼



■ ■ O presidente da Deputación, Valentín González Formoso, e o alcalde e deputado provincial, Ángel García Seoane, acordaron acometer a obra de renovación completa da avenida de Santa Cristina.

Por tratarse dunha vía provincial, será a Deputación a que financie integramente esta obra.

Nesta actuación está prevista a reurbanización total da rúa principal de Santa Cristina, incluíndo a renovación de beirarrúas, pavimentación e iluminación. A Deputación agarda contratar a obra antes de que finalice o 2021.

Torreón Bescansa: novo punto de atención de Servizos Sociais e Igualdade ▼



Na aposta de Alternativa dos Veciños por reforzar os servizos públicos e as políticas sociais en Oleiros, procedeuse a apertura do Torreón Bescansa como novo espazo de información e atención á veciñanza. Ademais dos recursos municipais, a Deputación colabora cunha achega de 300.000 euros.

Este centro permanecerá aberto de luns a venres, de 8:30 a 14:30 horas. Para acudir recoméndase solicitar cita previa a través do 981 61 00 00, aínda que tamén é posible dirixirse directamente a estas dependencias municipais



OLEIROS



O TSXG non emitiu sentenza sobre as reclamacións do Concello polo mantemento das escolas infantís ▼

■ ■ O Concello de Oleiros e a Xunta de Galicia teñen asinado un convenio para as escolas infantís do municipio que estipula que o Concello non debe asumir en ningún caso máis do 30% dos gastos de mantemento. A Xunta está a ignorar este acordo entre ambos organismos pretendendo impoñerlle ao Concello unha achega económica do 30%, engadida aos gastos de mantemento que xa está asumindo.



Para defender o cumprimento deste convenio, o Concello de Oleiros acudiu aos tribunais para alegar e argumentar que xa se está a aportar o 30% dos gastos de mantemento asumindo a limpeza, a calefacción, a electricidade, o saneamento, o axardinamento, o teléfono, a seguridade e as obras de conservación necesarias dos edificios.

Polo momento non existe sentenza algunha que obrigue ao Concello a duplicar os pagos de mantemento das escolas. A noticia de que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia desestimou o recurso do Concello non é correcta. O TSXG só desestimou a suspensión do pago que solicitaba o Concello mentres non se resolveran os preitos. A última palabra téñena os tribunais coa resolución xudicial pendente de emitir.

Medio millón de euros en axudas para 246 autónomos e microempresas de Oleiros ▼

O Concello de Oleiros, a través do Plan de Emprego Provincial da Deputación, convocou unha liña axudas para os gastos correntes das pequenas empresas afectadas pola crise sanitaria. As subvencións van desde os 1.500 ata os 3.000 euros, repartíndose en total 492.500 euros.

Provisionalmente, 246 das peticións están aceptadas por cumprir cos requisitos establecidos nas bases (empresas que tiveron que pechar polo Estado de alarma, empresas que teñen perdas superiores ao 75% e empresas con procesos de ERTE). Hai 119 solicitudes rexeitadas inicialmente por débedas coas administracións ou por non xustificar debidamente as perdas económicas que en caso de subsanación en prazo e forma tamén poderían ser aceptadas.

Deputación e Concello cofinancian novas obras e servizos

- Creación de beirarrúas na rúa do Souto: **627.000 euros**
- Finalización da obra de ampliación estrada Mera-Veigue: **575.816,35 euros**
- Subvención para a Feira Alfaroleiros: **25.055,52 euros**
- Renovación do pavimento avenida Che Guevara: **400.594,76 euros**
- Construción de aparcadoiro en Bastiagueiro (zona INEF): **453.815,81 euros**
- Renovación da rede de abastecemento nas Rúas Maside, Cascaxeira e Viravolta: **447.351,53 euros**



**Alternativa
dos Veciños**

SADA



Alternativa solicita a Costas que poña a Terraza a disposición do Concello para a súa urxente restauración

■ ■ A restauración do edificio da Terraza non pode agardar máis tempo. A estrutura de madeira está afectada nas súas unións estruturais e ventás e as vidreiras precisan urxentes reparacións e pintura.

O edificio está cargado de historia como centro de ocio dos sadenses ao longo de varias décadas. A súa declaración como Ben de Interese Cultural segundo o Decreto 16/2020 de 30 de xaneiro esixe a modificación puntual do Plan Xeral e a elaboración dun plan integral de conservación.



A concesión administrativa de 75 anos xa está caducada, polo que a Dirección Xeral de Costas pode resolvela e poñer o edificio a disposición do Concello para que sexa restaurado e habilitado para a prestación de servizos públicos. É necesario que o Concello se reúna co actual concesionario (propietario ata o momento) para buscar un acordo que permita a resolución do expediente o antes posible e poder evitar o progresivo deterioro do inmovible, sen descartar a posible xestión dalgún servizo en parte da instalación polo actual propietario.

Sada precisa un novo centro de saúde ▼

■ ■ A Consellería de Sanidade non pode seguir ignorando e evitando contestar ao Concello de Sada en relación á posible construción dun novo centro de saúde. O Concello propón que se constrúa na Lagoa, nunha zona onde xa están distintos servizos e equipamentos sociais e culturais.

Sada necesita con urxencia unhas instalacións axeitadas para a prestación dos servizos sanitarios de saúde.

Se a Xunta segue sen dignarse a contestar á demanda realizada polo Pleno da corporación celebrado o pasado mes de decembro, o Concello debe abordar o desenvolvemento da actuación urbanística coñecida como A.P.R.-P.E.R.I.-D36 para adquirir o solo e demandar da Xunta a construción da instalación sanitaria.



■ Breogán Blanco, concelleiro de Alternativa dos Veciños en Sada



SADA



Falta de control e supervisión das empresas contratadas polo Concello ▼

Actuacións que se prolongan no tempo, restos vexetais sen recoller e as podas con maquinaria que erosionan espazos verdes son algunhas accións que Alternativa dos Veciños de Sada aprecia que se deben corrixir para evitar a degradación de camiños ou parques públicos. Desde a súa participación no Goberno municipal, os concelleiros María Nogareda e Breogán Blanco están a demandar aos compañeiros responsables que actúen con maior dilixencia para velar polo cumprimento dos contratos asinados polo Concello de Sada con empresas privadas.

Solicitada maior axilidade na renovación do alumeado público ▼



■ María Nogareda, concelleira de Alternativa dos Veciños en Sada

As principais rúas de Sada sufriron nas últimas semanas diversos apagóns do alumeado público. É o caso de Castelo, Carnoedo, Osedo ou en varias rúas da capital do municipio. Alternativa dos Veciños reclamou que ao longo deste ano se aproveite a subvención concedida ao Concello para renovar e reparar o alumeado público o máis rápido posible.

Denunciado o abandono de servizos públicos básicos en Veigue ▼

Os concelleiros de Alternativa trasladaron ao Goberno municipal a as numerosas demandas da veciñanza de Veigue ante a existencia de camiños asolagados, fochancas, ausencia de beirarrúas, sumidoiros rotos, problemas no abastecemento de auga... A raíz destas peticións algúns dos problemas foron resoltos, pero Alternativa seguirá a reclamar que se presenten uns servizos públicos básicos dignos.

Novos tramos de beirarrúas ▼

Están practicamente finalizadas as actuacións de mellora da seguridade viaria en Fontán e en Soñeiro, na estrada Oleiros-Mandín. Acadadas estas obras, Alternativa dos Veciños, desde a súa presenza tanto no Goberno municipal como na Deputación, está a loitar para que a próxima actuación neste ámbito sexa a de creación de beirarrúas en Meirás, pendente da execución dunha expropiación por parte do Concello.





Alternativa demanda a mellora da rede xeral de abastecemento de auga na comarca ▼

■ ■ Alternativa dos Veciños desde os gobernos de Oleiros, Sada e Bergondo, e desde a oposición no caso de Cambre, está a demandar tanto á Xunta de Galicia como a Emalcsa a ampliación das redes xerais de abastecemento para que os distintos municipios poidan mellorar o actual servizo que se presta aos cidadáns e cidadás.

Outra das solicitudes é a da construción dun depósito en San Pedro de Nós, nun terreo cedido polo Concello de Oleiros gratuitamente, que abastecería principalmente a Cambre e que tamén melloraría a situación nunha parte de Oleiros. Alternativa dos Veciños propón que, por tratarse dunha actuación de interese supramunicipal, Emalcsa xunto coa Xunta de Galicia a través de fondos europeos financien estas importantes obras que afectan a milleiros de cidadáns da comarca.



Asesoramento a entidades sen ánimo de lucro para solicitar subvencións da Deputación ▼

■ ■ Alternativa dos Veciños está a prestar asesoramento a todas aquelas entidades culturais, ANPAS, asociacións veciñais, corais polifónicas, bandas de música populares, entidades de música e baile tradicional galego e formacións musicais que solicitan axuda para presentar as súas solicitudes para obter unha subvención da Deputación da Coruña.

Estas axudas provinciais teñen como obxectivo colaborar cos gastos derivados das súas actividades no ano 2021. Igualmente, está a prestarse colaboración coas entidades deportivas, sen ánimo de lucro, que piden axuda económica á Deputación para o fomento da actividade física e do deporte, a participación en competición federada de ámbito local, provincial, ou autonómico; a participación en competición federada de ámbito nacional ou internacional, desenvolvemento de grandes eventos deportivos singulares, infraestruturas e equipamento deportivo e adquisición de vehículos de uso deportivo para clubs de piragüismo e remo.

Para facilitar a tramitación destas subvencións e outras que están pendentes de ser convocadas por parte da Deputación, Alternativa dos Veciños pon á disposición das entidades unha persoa na oficina que ten o grupo provincial no terceiro andar do edificio da Deputación da Coruña (avenida do Porto da Coruña, 2 – A Coruña). Tamén é posible contactar por teléfono a través do 981 080 610, ou por correo electrónico en info@alternativadosvecinos.org.



Mantemento de vías provinciais

A Deputación contratou por **1.308.266,10 euros** a limpeza de maleza, mellora das beiravías e sinalización das estradas de titularidade provincial da comarca da Coruña.

- Oleiros e Sada: **327.358,65 euros**
- Cambre, Bergondo e Betanzos: **327.053,21 euros**
- Abegondo, Carral e Oza-Cesuras: **325.008,98 euros**
- Arteixo, A Coruña e Culleredo: **328.845,26 euros**



**Alternativa
dos Veciños**

As pandemias do medio ambiente ▼

• A fauna e a flora galega ameazadas por pragas



PICUDO VERMELLO

■ ■ O *picudo vermello* é un voraz insecto de orixe asiática que se instala nas palmeiras para reproducirse. Unha vez dentro das árbores devora as follas e a súa parte central ata acabar con elas.

Para evitar a desaparición de todas as palmeiras da comarca da Coruña, tal e como aconteceu en Pontevedra e no sur da provincia da Coruña, é imprescindible unha actuación inmediata. As persoas que teñan nas súas propiedades algunha palmeira infectada co *picudo vermello* están obrigadas a tratalas ou a eliminalas a través dunha empresa especializada, tal e como estipula a Consellería de Medio Ambiente.



HERBA DA PAMPA


■ ■ A *cortaderia selloana*, coñecida como *plumacho*, é unha planta invasora e endémica da Arxentina que está a ocupar e destruír a paisaxe galega.

A orixe da súa propagación débese a que Audasa plantouna nas medianas da autopista entre A Coruña e Santiago. Cada pluma desta planta produce milleiros de sementes que voan con moita facilidade, podendo chegar a agromar a 25 km de distancia.

Alternativa dos Veciños realizou as primeiras denuncias públicas ante a gravidade desta situación. Tanto desde o

Concello de Oleiros como da Deputación impulsáronse políticas para deter a expansión da herba da pampa en Galicia.

Todas aquelas persoas propietarias de terreos nos que aparezan plumachos están obrigados a retiralos. Para unha correcta eliminación é preciso arrincala de raíz ou aplicar un herbicida específico. Un desbroce non é suficiente.



AVESPA ASIÁTICA

■ ■ As *velutinas* xa causaron a morte a varias persoas en Galicia e seguen a provocar graves problemas na polinización.

As producións de froita e mel están a resentirse notablemente, orixinando cuantiosas perdas económicas.

Alternativa dos Veciños promoveu que a Deputación financiase unha investigación científica por parte da Universidade, co fin de atopar un método eficaz para eliminación desta especie tan nociva para Galicia.



INTERVENCION XERAL

Expediente: 2021000000390

Interesado: (V70467857) GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

ASUNTO: Informe fiscal de pago da primeira xustificación 2021. (Do 08/01/2021 al 05/04/2021)

Órgano Competente: Presidente da Corporación.

I.- CONSIDERACIÓNS PREVIAS.

O presente informe emítese en exercicio da función de fiscalización a que se refire o artigo 92.3.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 213 e seguintes do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, e demais normas concordantes.

Ao propio tempo ten por obxecto dar cumprimento ao establecido na Base 35ª e na regra 15ª da Base 58ª de Execución do Orzamento Xeral da Deputación para o exercicio 2021.

II.- NORMAS DE APLICACIÓN.

Os Grupos Políticos das Corporacións Locais están regulados nas seguintes normas:

- O artigo 73 da Lei reguladora das bases de réxime local
- Os artigos 23 a 29 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, aprobado polo Real decreto 2.568/1986, do 28 de novembro.
- Os artigos 74 a 79 da Lei 5/1197, do 22 de xullo, de administración local de Galicia refírense aos Grupos Políticos Municipais, sen que nesta norma se recolla ningún precepto específico sobre os Grupos Políticos Provinciais.
- Os artigos 22 a 28 do Regulamento orgánico da Deputación provincial da Coruña, aprobado en sesión do 3 de febreiro de 1989
- A Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento de partidos políticos.
- A Lei 9/2015, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas, de Galicia.

Ao propio tempo hai que significar que o artigo 4 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, exclúe do seu ámbito de aplicación obxectivo estas asignacións. Si resulta de aplicación en cambio, a normativa reguladora do Tribunal de Contas e do Consello de Contas de Galicia.



Na Deputación provincial da Coruña desenvólvese o réxime xurídico de aplicación a través da Base 58ª de Execución do Orzamento Provincial do exercicio 2021.

III.- ANTECEDENTES.

Ao amparo da previsión contida no artigo 73.3 da LRBRL e en aplicación do disposto na Base 58 de Execución do Orzamento Provincial, o presidente da Corporación ditou a Resolución número 1428, do 18 de xaneiro de 2021, na que, entre outros puntos, se ordenaba o pago de 7.500,00 € a favor do Grupo Político Provincial ALTERNATIVA DOS VECIÑOS, NIF: V70467857, para o seu ingreso na conta bancaria establecida expresamente para este fin.

O 6 de abril de 2021 preséntase, para a emisión do preceptivo informe da Intervención, a relación do portavoz do Grupo Político citado, á que se achega o estado do movemento da conta bancaria do período comprendido entre o 08/01/2021 al 05/04/2021 e a documentación xustificativa dos gastos e pagos efectuados. Nesta primeira xustificación o importe xustificado ascende a 8.912,86 €.

IV.- CONSIDERACIÓNS PARTICULARES.

A documentación presentada require as seguintes consideracións:

- 1.-O extracto bancario achegado recolle a totalidade do movemento da conta en que se efectuou o ingreso da asignación provincial, no período comprendido entre o 8 de xaneiro e o 5 de abril de 2021.
- 2.-O importe total dos gastos efectuados e acreditados documentalmente, ascenden a 8.912,86 € e corresponden aos seguintes conceptos:

ECONÓMICO	CONCEPTO	TERCERO	NÚM. DE FACTURA	FECHA CARGO BANCARIO	Importe	% S/Total
22602	Publicidad y Propaganda	Voz de Galicia Radio, S.L.U	P20/002008	08/01/2021	450,12	12,61
		Voz de Galicia Radio, S.L.U.	P21/000098	03/02/2021	450,12	11,27
		Voz de Galicia Radio, S.L.U.	P21/000231	04/03/2021	450,12	5,05
		Galicia Editorial, S.L	F21/000097	05/04/2021	3.569,50	40,05
		La Voz de Galicia, S.A.	P21/001384	05/04/2021	3.993,00	44,80
TOTAL					8.912,86	100,00

- 3.-Todos os pagos realizados foron efectuados a través de movementos bancarios e están xustificadas coa documentación requirida: facturas expedidas ao Grupo Provincial e acreditación de que se refiren a encomendas do Grupo Político Provincial Alternativa dos Veciños.

- 4.-Á vista da importancia relativa dos gastos xustificados en publicidade parece conveniente que o Pleno da Corporación determine criterios obxectivos que permitan deslindar qué gastos en publicidade poden ser considerados como actividade corporativa dos Grupos Políticos, xa que en ocasións é difícil distinguir a publicidade da actuación de Grupo Provincial da publicidade do partido político.



5.-O importe total anticipado no primeiro pago de 2021 ao Grupo Provincial foi de 7.500,00 € e o importe dos gastos xustificados neste período ascenden a 8.912,86 €.

V.- CONCLUSIÓN.

De conformidade co exposto fiscalízase de conformidade a documentación xustificativa presentada polos gastos e pagos acreditados no período indicado, polo Grupo Político Provincial ALTERNATIVA DOS VECIÑOS, NIF: V70467857 que ascende ao importe total 8.912,86 €, ao cumprir formalmente todos os requisitos esixidos.


O resumo da actividade realizada que se xustifica ata a data no 2021 responde ao seguinte detalle:

0.-Importe anual		30.000,00
II.- Importe trimestral da asignación anticipado		7.500,00
III.-Importe que se xustifica : 1ª xustificación		8.912,86
IV.-Importe reposición por gastos xustificados ata 05/04/2021	1ª xustificación	8.912,86
	Total xustificado:	8.912,86
V.- Importe disponible= Importe anual- Total xustificado		21.087,14

Polo tanto procede facer efectivo o importe de 8.912,86 € que resulta dos xustificantes achegados para atender os gastos que orixinou a actividade de Grupo Político Provincial Alternativa dos veciños no período que se xustifica do 2021.

O importe referido pode facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0000/912.02/480 na que existe crédito dispoñible suficiente para tal fin, tal e como se acredita no documento contable de Retención de Crédito que se acompaña ao presente informe.

DOCUMENTO RETENCIONES PARA DISPONIBLE: RETENCIONES PARA DISPONIBLE DIPU /2021 - 220210010394	IDENTIFICADORES Nº OPERACIÓN: DIPU/2021 - 220210010394	
OTROS DATOS Código para validación: DCAC8-A5ZU6-TFL06 Fecha de emisión: 25 de Junio de 2021 a las 9:20:33 Página 1 de 1	FIRMAS El documento ha sido firmado por : 1.- Jefe/a Servicio Fiscalización y Control Financiero de DEPUTACIÓN DA CORUÑA Firmado 07/04/2021 14:06 2.- Viceinterventor de DEPUTACIÓN DA CORUÑA.Firmado 07/04/2021 14:36	ESTADO FIRMADO



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1305831; DCAC8-A5ZU6-TFL06 46FED03214412B2064AA7BE013A0222B187673612) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



RC		Clave operación 100 Signo 0
CONTABILIDAD DEL PRESUPUESTO DE GASTOS PRESUPUESTO CORRIENTE	RETENCIÓN DE CRÉDITO	Nº. Op.Anterior: Nº. Expediente: 2021000000390 Aplicaciones: 1 Oficina Ejercicio: 2021

Presupuesto 2021	
Orgánica 0000 Programa 91202 Económica: 480 Referencia 22021003491 Importe EUROS 8.912,86 PGCP Transf. a familias e instit. SFL- Grupos políticos prov.	
Importe OCHO MIL NOVECIENTOS DOCE EUROS CON OCHENTA Y SEIS CENTIMOS .	Importe EUROS 8.912,86
Código de Gasto/Proyecto:	
Interesado: V70467857 GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS Ordinal Bancario	
Texto libre ASIGNACIÓN BASE 58ª SEGUNDO PAGO EJERCICIO 2021	

CERTIFICO: Que para la(s) aplicación(es) que figura(n) en este documento (o su anexo), existe Saldo de Crédito Disponible, quedando retenido el importe que se reseña.

Nº. Operación:	220210010394
Sentado en Libro Diario de Contabilidad Presupuestaria con Fecha 07/04/2021	



INTERVENCION XERAL

Expediente: 2021000000390

Interesado: (V70467857) GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

ASUNTO: Reposición asignación primeira xustificación 2021.

Órgano Competente: Presidente da Corporación.

- De acordo con la Base 58ª la presente asignación trimestral tiene naturaleza de **pago a justificar**, exigiéndose la justificación documental de los fondos recibidos en el período anterior para librar los siguientes pagos periódicos.
- El abono deberá efectuarse en la cuenta del Grupo Provincial Alternativa dos Veciños (NIF V70467857) **número ES06 2080 0064 9530 4001 6243**.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL A CORUÑA

PRESIDENCIA

Expediente: 2021000000390

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O SEGUNDO PAGO (PRIMEIRA XUSTIFICACIÓN) DA ASIGNACIÓN DO EXERCICIO 2021 AO GRUPO POLÍTICO ALTERNATIVA DOS VECIÑOS.

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

No Boletín oficial da provincia número 223 do 29 de decembro de 2020 publícase o anuncio da aprobación definitiva do Orzamento xeral provincial para o exercicio 2021 e as bases para a súa execución.

A número 58 das bases de execución regula a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local fixa para o grupo político provincial ALTERNATIVA DOS VECIÑOS un importe trimestral de 7.500,00 € de conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei reguladora das bases de réxime local.

O grupo político provincial Alternativa dos Veciños dispón do número de identificación fiscal, ten aberta unha conta bancaria a nome do grupo e baixo a devandito número de identificación fiscal.

Presentouse a documentación xustificativa achegada polo portavoz do Grupo, que foi obxecto de preceptivo informe da Intervención Provincial. O importe xustificado ascende a 8.912,86 € e para repoñer este importe existe crédito orzamentario na aplicación 0000/912.02/480 que ten por finalidade atender a asignación provincial proposta.

En virtude dos antecedentes, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Dar por xustificado o importe de 8.912,86 € a que ascende a documentación presentada por gastos xestionados no período comprendido entre o 08/01/2021 al 05/04/2021. En consecuencia o resumo da actividade realizada, acreditada e xustificada neste exercicio e ata o día 05/04/2021 responde ao seguinte detalle:

0.-Importe anual		30.000,00
I.- Importe trimestral da asignación anticipado		7.500,00
II.-Importe que se xustifica : 1ª xustificación		8.912,86
III.-Importe reposición por gastos xustificadas ata 05/04/2021	1ª xustificación	8.912,86
	Total xustificado:	8.912,86
IV.- Importe disponible= Importe anual- Total xustificado		21.087,14


SEGUNDO.- Recoñecer unha obriga de pago na aplicación 0000/91202/480 e aprobar o aboamento do importe correspondente a esta xustificación do 2021, por un importe de 8.912,86 € a prol do Grupo político provincial ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (NIF: V70467857), e ingresalo na súa conta na entidade financeira ABANCA: IBAN: ES06 2080 0064 9530 4001 6243.

TERCEIRO: A documentación xustificativa dos pagos a os grupos políticos provinciais a súa tramitación publicarase no portal da transparencia da deputación co contido permitido pola lexislación vixente.

CUARTO: Comunicar esta Resolución aos servizos administrativos provinciais relacionados coa materia obxecto da mesma.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1307725:L5FSD-4W7L2-IHYQG-131751E6F9E2CBB6A8955127790262F59E9F80) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

ADO

Clave operación
Signo

250
0

CONTABILIDAD DEL
PRESUPUESTO DE GASTOS

PRESUPUESTO CORRIENTE

AUTORIZACIÓN, DISPOSICIÓN Y
RECONOCIMIENTO DE
OBLIGACIÓN.

Nº. Op.Anterior: 220210010394
Nº. Expediente: 2021000000390
Aplicaciones: 1
Oficina
Ejercicio: 2021

Presupuesto 2021

Nº Documento:

Orgánica 0000	Programa 91202	Económica: 480	Referencia 22021003491	Importe EUROS 8.912,86	PGCP 6501
Transf. a familias e instit. SFL- Grupos políticos prov.					
Aplicación no presupuestaria I.V.A.				Importe EUROS	PGCP
Importe Líquido OCHO MIL NOVECIENTOS DOCE EUROS CON OCHENTA Y SEIS CENTIMOS .				Importe EUROS 8.912,86	
Importe Descuentos: Concepto Dto.: Interesado:					PGCP
Código de Gasto/Proyecto:					
Interesado: V70467857 GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS					
Ordinal Bancario					
Endosatario:					
Ordinal Bancario					
Área origen del Gasto			Tipo de Pago		
Forma de Pago					
Nº de cheque					
Caja o Banco Pagador Ordinal					
Texto libre					
GRUPO PROV.ALTERNATIVA DOS VECIÑOS.- ASIGNACIÓN BASE 58º SEGUNDO PAGO EJERCICIO 2021					

Nº. Operación: 220210011087

Nº Caja:

Nº. Rel. Cont:

Sentado en Libro Diario de
Contabilidad Presupuestaria con
Fecha 12/04/2021

OTROS DATOS


Código para validación: **AIQNT-H93RA-96KR8**
Fecha de emisión: **25 de Junio de 2021 a las 9:21:40**
Página 1 de 1

FIRMAS

El documento ha sido firmado o aprobado por :
1.- Jefe/a Negociado Contabilidad Fra., Pptaria y Op. No presupuestarias de DEPUTACIÓN DA CORUÑA.Aprobado 12/04/2021 11:41
2.- Jefe/a Servicio Contabilidad de DEPUTACIÓN DA CORUÑA.Aprobado 12/04/2021 14:41
3.- Interventor General de DEPUTACIÓN DA CORUÑA.Firmado 13/04/2021 13:52
4.- Presidente de DEPUTACIÓN DA CORUÑA.Firmado 13/04/2021 13:56

ESTADO

FIRMADO



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1307727 AIQNT-H93RA-96KR8 94104185CD37FBP20FEFEE5384C2404E2D1C559A3) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

P

Clave operación
Signo

500
0

CONTABILIDAD DEL
PRESUPUESTO DE GASTOS

PRESUPUESTO CORRIENTE

ORDENACIÓN DEL PAGO

Nº. Op.Anterior: 220210011087
Nº. Expediente: 2021000000390
Aplicaciones: 1
Oficina
Ejercicio: 2021

Presupuesto 2021

Nº Documento:

Orgánica	Programa	Económica:	Referencia	Importe EUROS	PGCP
0000	91202	480	22021003491	8.912,86	6501
Transf. a familias e instit. SFL- Grupos políticos prov.					

Aplicación no presupuestaria I.V.A.	Importe EUROS	PGCP

Importe Líquido	Importe EUROS
OCHO MIL NOVECIENTOS DOCE EUROS CON OCHENTA Y SEIS CENTIMOS .	8.912,86

Importe Descuentos:	PGCP
Concepto Dto.:	
Interesado:	

Código de Gasto/Proyecto:	

Interesado:	V70467857	GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
Ordinal Bancario		

Endosatario:		
Ordinal Bancario		

Área origen del Gasto			Tipo de Pago			Forma de Pago			Nº de cheque	

Caja o Banco Pagador	
Ordinal	

Texto libre	
GRUPO PROV.ALTERNATIVA DOS VECIÑOS.- ASIGNACIÓN BASE 58º SEGUNDO PAGO EJERCICIO 2021	


Nº. Operación: 220210011088

Nº Caja:

Nº. Rel. Cont:

Sentado en Libro Diario de Contabilidad Presupuestaria con Fecha 12/04/2021

DOCUMENTO 600_G_PAGO: PAGOS PRESUPUESTARIOS DIPU/2021 - 220210011756	IDENTIFICADORES	
OTROS DATOS Código para validación: I72ZE-LVZBD-BIF7J Fecha de emisión: 25 de Junio de 2021 a las 9:39:54 Página 1 de 1	FIRMAS	ESTADO NO REQUIERE FIRMAS



R

Clave operación 600
Signo 0

CONTABILIDADE DO
ORZAMENTO DE GASTOS

ORZAMENTO CORRENTE

REALIZACION DEL PAGO
MATERIAL

Nº. Op.Anterior: 220210011088
Nº. Expediente: 2021000000390
Aplicacións: 1
Oficina
Ejercicio: 2021

Orzamento	2021	Nº Documento:							
Orgánica	Programa	Económica:	Referencia	Importe EUROS	PGCP				
0000	91202	480	22021003491	8.912,86	6501				
Transf. a familias e instit. SFL- Grupos políticos prov.									
Aplicación non Orzamentaria I.V.E.				Importe EUROS	PGCP				
Importe Líquido				Importe EUROS					
OCHO MIL NOVECIENTOS DOCE EUROS CON OCHENTA Y SEIS CENTIMOS .				8.912,86					
Importe Descontos:					PGCP				
Concepto Dto.:									
Interesado:									
Código de Gasto/Proyecto:									
Interesado: V70467857 GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS									
Ordinal Bancario (Nº: 1) CAGLESMXX ES06 2080 0064 9530 4001 6243									
Endosatario:									
Ordinal Bancario									
Área orixe do Gasto		Tipo de Pago	01	Directo	Forma de Pago	03	Transferencia	Nº de cheque	
Caixa ou Banco Pagador									
Ordinal 223 BANCO DE SABADELL(PRESUPUESTOS)									
Texto libre									
GRUPO PROV.ALTERNATIVA DOS VECIÑOS.- ASIGNACIÓN BASE 58ª SEGUNDO PAGO EJERCICIO 2021									

Nº. Operación:	220210011756
Nº Caja:	20210003802
Nº. Rel. Cont:	

Sentado en Libro Diario de
Contabilidad Orzamentaria con
Data 15/04/2021